

Resolución do 3 de marzo de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2006-2007.

En virtude da autorización conferida pola disposición derradeira primeira da Orde do 6 de febreiro de 2008, pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2006-2007, e de conformidade co establecido no artigo 7 desa orde, en relación coa composición do xurado de selección encargado da análise e valoración das solicitudes, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Designar os membros do xurado de selección que deberá analizar e valorar as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ao curso 2006-2007 e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo a esta resolución.

Segundo.-Por proposta do xurado de selección poderanse designar os especialistas necesarios para que asesoren o xurado de selección na valoración dos méritos dos aspirantes.

Terceiro.-Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2008.

María José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

ANEXO

Xurado de selección

* Presidente:

-Uxío Cortés Couselo, subdirector xeral de Formación Profesional, en delegación da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

* Membros:

-Gonzalo Sanmartín Brey, xefe do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

-Xosé María Cerviño Varela, xefe do Servizo de Formación Profesional.

-Jesús Álvarez Marcote, inspector de educación.

-Elisa Isabel Amoedo Barciela, inspectora de educación.

-José Luis Vázquez Fernández, inspector de educación.

-Carmen García Rodríguez, inspectora de educación.

-Carlos Salvado Fernández, profesor de ensino secundario.

-José Antonio Jardón Bahía, profesor de ensino secundario.

-Margarita Pin Rodríguez, profesora de ensino secundario.

-Carmen Rey Castro, profesora de ensino secundario.

-Jesús Manuel Rodríguez Buján, profesor de ensino secundario.

-Xosé Romarís Lens, profesor de ensino secundario.

-Leopoldo Bahillo Varela, funcionario da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que actuará como secretario.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 28 de febreiro de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións profesionais de artesáns cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, para o fomento do sector artesanal galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008. Código de procedemento IN201F.

As actividades artesás representan na Galicia de hoxe unha gran reserva desde o punto de vista cualitativo e tamén cuantitativo. Forman parte do tecido produtivo básico sobre o que se constrúe a sociedade moderna e, moi especialmente no caso do noso territorio, significan o fío condutor da identidade de toda unha cultura.

Cada sector conta coas súas propias redes de comercialización máis ou menos definidas e adaptadas ás características da produción e ás exixencias do propio mercado. No caso da artesanía, a diversidade de actividades supón que existan numerosas canles de comercialización en función de cada produto. Fortalecer estes lazos, ou crear outros novos, así como fomentar o asociacionismo no sector artesanal é unha tarefa obrigada para darlle un pulo á artesanía e progresar na súa modernización. Ademais, este sector, polas súas peculiaridades, non sempre se fai visible alí onde se exerce, o que representa unha seria dificultade para a súa conservación e desenvolvemento.

Respondendo ás actuais dimensións e á realidade das asociacións profesionais de artesáns que no contexto actual desenvolven as súas actividades no ámbito desta comunidade autónoma, e en función do auxe e proliferación no ámbito social dos diferentes tipos de asociacións profesionais vinculadas ao sector artesán e o incremento da súa presenza no tráfico xurídico, faise necesario, polo tanto, proceder á instrumentación da concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para as asociacións